

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE XUÑO DE 2013.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

#### **Ausentes:**

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Alberto Santos Vázquez

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 8 DE ABRIL DE 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 8 de abril de 2013.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 8 de abril de 2013.

Ó abeiro do disposto no Art. 91.3 do Real Decreto 2568/1976 de 28 de novembro, e coa conformidade de tódolos membros da Corporación asistentes á sesión co obxecto de que o Coordinador de Seguridade do Concello de Xove D. Alberto Rapa Martínez non teña que esperar ata o final da sesión, polo Sr. Alcalde Presidente ordease a alteración da orde dos asuntos incluídos na Orde do Día da presente sesión, de xeito que a seguir debaterase e se é o caso someterase a votación o punto 5º da citada orde do día.

### **5º.- PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL PARA A Balsa de lodos roxos de Alcoa. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da presidencia e a conformidade de tódolos membros da Corporación asistentes á sesión, ó abeiro do disposto no Art. 137 do Real Decreto 2568/1976 de 28 de novembro (toda vez que no Concello de Xove somentes está constituída a Comisión Informativa Especial de Contas), comparece D. Alberto Rapa Martínez, Coordinador de Seguridade e Prevención de Riscos do Concello de Xove, na súa condición de redactor do Plan de Actuación Municipal ante riscos de inundacións por rotura da presa de lodos roxos de Alcoa S.A. en Xove.

Polo Técnico Municipal citado, explícase á Corporación os obxectivos, o contido e os aspectos máis salientables do plan citado.

Aberto o debate, polo Portavoz do Grupo municipal do BNG, Sr. López López, felicítase ó Sr. Rapa Martínez polo traballo realizado, engadindo que no obstante, é por coherencia o BNG vaise abster na votación, xa que non participou nin foi consultado nos traballos de elaboración do Plan.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Quelle Franco e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aproba-lo Plan de Actuación Municipal

ante riscos de inundacións por rotura da presa de lodos roxos de Alcoa S.A. en Xove, redactado polo Coordinador de Seguridade do Concello de Xove, D. Alberto Rapa Martínez, e elevalo para a súa avilación, valoración e homologación, á Comisión Galega de Protección Civil, conforme ó sinalado na Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, sinalándose que o Plan de Actuación Municipal integrárase no marco organizativo do Plan de Emerxencias Municipal do Concello de Xove (PEMU actualmente vixente).

## **2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, A PROL DO MANTEMENTO DO XULGADO DE PAZ E DA GRATUIDADE DO REXISTRO CIVIL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa Autorización da Presidencia, polo Sr. López López dáse lectura á moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:*

### **MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO DO XULGADO DE PAZ E DA GRATUIDADE DO REXISTRO CIVIL**

*Neste ano 2013 o Xulgado de Paz de Xove está a padecer un incremento notable da súa actividade. Por exemplo, os expedientes de casamento ante o Rexistro Civil do Concello multiplicáronse por tres no que vai de ano, un síntoma obxectivo de que a cidadanía é consciente de que algo está a acontecer e que a gratuidade deste tipo de actos administrativos semella ter os días contados. As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial e do Rexistro Civil, veñen poñer de manifesto que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto o Xulgado de Paz como o Rexistro Civil, de tal forma que este último pasaría a ser competencia do Rexistro da Propiedade de Viveiro.*

*A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia”. Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da Administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais e mais a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos básicos de apoio xudicial que existen en todos os concellos que non son cabeza de partido xudicial, sen máis alternativa que a concentración nos Tribunais de Instancia que están previstos para as capitais da provincia.*

*No que atinxe á modificación dos Rexistros Cívís, non só se aborda a súa eliminación de xeito paralelo á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda o reparto das súas competencias entre os Rexistros da Propiedade e as Notarías. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias “se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo”. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal (certificacións de nacemento, defunción, matrimonio e incapacitación), que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensións, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.*

*Polo tanto, é evidente que as pretendidas reformas non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios corporativistas e de aforro, fomentando o pagamento directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debería continuar sendo gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil.*

*Asemade, o Ministro de Xustiza afirmou recentemente que coa proposta de Lei de Demarcación e Planta “non se pecharán xulgados, pero que o modelo actual está esgotado”. Non obstante nada dixo ao respecto dos Xulgados de Paz, que tamén se contemplan na Lei de Demarcación e Planta.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita da Corporación en Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- *Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e das Notarías das funcións dos Rexistros Cívís.*
- *Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento do Xulgado de Paz de Xove, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que presta o Rexistro Civil do noso Concello.*
- *Dar traslado deste acordo ao Goberno central e mais á Xunta de Galiza.”*

Polo Sr. Alcalde manifestase que aínda que sería mellor esperar a coñecer o texto da Lei, xa que neste intre no existe tan sequera un anteproxecto, o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción transcrita, porque no fondo está de acordo co seu contido, engadindo que non obstante o anterior, considera necesario que conste na acta da sesión as precisións que a seguir se relacionan:

*Polo momento (finais abril 2013), o Goberno non aprobou nin tan sequera un anteproxecto de lei de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial ou do Rexistro Civil. Polo tanto, é máis que precipitado pronunciarse sobre borradores (como di o BNG na súa moción). Convén agardar a que o Goberno presente un proxecto de lei ante as Cortes Xerais, para coñecer o verdadeiro contido e alcance das reformas.*

*O Ministerio de Xustiza ten anunciado a súa vontade de aprobar unha reforma integral dos Rexistros, que viría a deseñar un novo marco organizativo e funcional, caracterizado pola unificación dos Rexistros máis relevantes do ordenamento xurídico español (civil, mercantil, da propiedade, de bens mobles, de contratos de seguros de cobertura de falecemento, de fundacións de ámbito estatal, e de actos de última vontade) e polo establecemento dun sistema de levanza dos Rexistros por medios electrónicos a través dos rexistradores da propiedade e mercantís (desxudicialización da súa levanza, é dicir deixan de depender dos xulgados e tribunais).*

*Ao quedar unitariamente organizados todos estes rexistros baixo un mesmo sistema de xestión rexistral simplificaranse estes procedementos, producirase un aumento da seguridade xurídica e unha mellora na conectividade e operatividade cos demais órganos da Administración.*

*En canto á desxudicialización da levanza dos Rexistros, esta medida non sería unha novidade introducida por este goberno, senón polo goberno socialista. Na pasada lexislatura, o PSOE a través do ministro Caamaño aprobou a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil (publicada no BOE o día 22 de xullo do dito ano 2011), e que aínda non está en vigor, xa que nela se estableceu un período de vacatio legis de tres anos dada a complexidade e o cambio radical que esta supón respecto do modelo anterior. Na exposición de motivos deste lei establécese:*

*“La modernización del Registro Civil también hace pertinente que su levanza sea asumida por funcionarios públicos distintos de aquellos que integran el poder judicial del Estado, cuyo cometido constitucional es juzgar y ejecutar lo juzgado.*

*Esta Ley deslinda con claridad las tradicionales funciones gubernativas y judiciales que por inercia histórica todavía aparecen entremezcladas en el sistema de la Ley de 1957, y aproxima nuestro modelo de Registro Civil al existente en otros países de nuestro entorno, en los que también se ha optado por un órgano o entidad de naturaleza administrativa con el fin de prestar un servicio público de mayor calidad, sin perjuicio de la garantía judicial de los derechos de los ciudadanos.*

*La desjudicialización del Registro Civil impone la derogación del artículo 86 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial –que se lleva a cabo a través de Ley Orgánica complementaria–, y de lo previsto en la Ley 38/1998, de 28 de diciembre, de Planta y Demarcación Judicial, respecto a los Registros Civiles.”*

Neste sentido, convén sinalar as declaracións formuladas no seu día polo entón Ministro de Xustiza (Francisco Caamaño): “En ningún país el sistema de un Registro está en manos de los jueces”.

Esta lei aprobada polo goberno socialista, tamén contempla un cambio na arquitectura territorial deste servizo, na que os Xulgados de Paz deixan de levalo, xestionándose en cada Comunidade Autónoma por unha soa Oficina Xeral de Rexistro Civil, podéndose crear outra máis por cada 500.000 habitantes (artigo 22.1).

En canto á crítica de que os rexistradores leven esta xestión, esta medida iría na liña dunha emenda que presentou IU á citada Lei do Rexistro Civil, na que se solicitaba que a levanza dos rexistros civís fose asumida polos rexistradores da propiedade.

No referente á posibilidade de aplicación dalgún mecanismo de taxas ou aranceis para determinados trámites e certificacións, non existe coñecemento expreso de cales nin cantas poderían ser as operacións rexistras afectadas por algún sistema de cobro, nin o baremo de posibles tarifas, se as houbera.

De todos os xeitos, (según varios medios de comunicación) o propio Ministerio de Justicia ten asegurado que xestións como a inscrición de nacementos e as actas de defunción (que significan dous terzos das xestións actuais no Rexistro Civil) seguirán sendo gratuítas; sen embargo, actos que non teñen un carácter obrigatorio, como os cambios de nome e de apelidos, poderían ter unha taxa, como ocorre con outras xestións como as renovacións de DNI ou pasaporte.

Por outra banda, e no relativo á demarcación da planta xudicial, polo momento só hai unha proposta dunha comisión de expertos que debuxa a organización xudicial sen audiencias provinciais, nin xulgados (tamén os de paz) substituíndoos por uns chamados “tribunais de instancia”. Según o Ministro (tras unha reunión co Presidente da FEMP), en ningún caso implicará a desaparición ou peche dos xulgados existentes nos distintos municipios, porque non quedará ningunha infraestrutura sen utilizar e aproveitaranse todas as existentes. Polo tanto, estamos a falar dun estudo duns profesionais expertos, que non ten carácter legislativo algún, e que está destinado a ser debatido nos foros xurídicos e sociais.

En conclusión, dende este grupo municipal facemos unha aposta por unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, e só cando coñezamos o texto definitivo (anteproxecto ou proxecto de lei) poderemos pronunciarnos en detalle sobre o contido real da proposta de reforma.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

### **3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, A PROL DO MANTEMENTO DO PARTIDO XUDICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa Autorización da Presidencia, polo Sr. López López dáse lectura á moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:*

#### **MOCIÓN POLO MANTEMENTO DO PARTIDO XUDICIAL**

*O Goberno do PP no Estado baralla unha reforma da Demarcación e Planta Xudicial que ten como previsión na Mariña a desaparición do partido xudicial ao que pertence o noso concello, propoñendo un modelo en que todos os partidos xudiciais lugueses se suprimirían para os concentrar na capital da provincia.*

*Sobre esta nova reforma preguntou a semana pasada no Congreso dos Deputados a deputada do BNG dona Olaia Fernández Davila, a quen lle respondeu o ministro don Alberto Ruiz-Gallardón asegurando que “non se pecharán xulgados, pero que o modelo actual está esgotado”. Esta ambigüidade nas declaracións do señor ministro, insistindo en que os futuros Tribunais de*

*Instancia que pretende crear suporán unha “flexibilidade” en cada sede xudicial e unha “especialización” e “racionalización” dos xulgados, indican que, tal e como xa vén acontecendo no partido xudicial de Viveiro cos asuntos penais que se axúzan no Xulgado do Penal de Lugo (antes eran os funcionarios deste órgano os que se desprazaban até a cidade do Landro para a realización dos xuízos), os usuarios da Xustiza do noso concello (partes procesuais, testemuñas, péritos, avogados...) terán que desprazarse á cidade das murallas para as actuacións que só se levarán a cabo na sede provincial.*

*Dado que esta creación de “Tribunais de Instancia” semella unha rémora dos extinguidos Xulgados de Distrito, e que na práctica non supón máis que baleirar de contido os actuais Xulgados de Primeira Instancia e Instrución implantando un modelo provincial centralizado que obrigaría ao desprazamento das persoas usuarias do servizo e mais dos profesionais (avogados e procuradores) cos custos que isto significa, o BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na nosa bisbarra, onde é necesaria unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que se implanten novos xulgados debido a un aumento significativo da poboación.*

*De se aplicar unha reforma neste sentido, as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento dos trámites e inaccesibilidade a un servizo público básico. O PP pretende afondar en impedir aínda máis o acceso a este servizo básico que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.*

*Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:*

*Instar a Xunta de Galiza para que lle demande ao Goberno do Estado:*

- *A retirada da proposta do Ministerio de Xustiza para establecer un único partido xudicial na provincia de Lugo, mantendo a actual demarcación e planta na Mariña luguesa.*
- *O impulso dunha reforma en profundidade da organización da Administración de Xustiza que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cabeceiras de comarca.*

*Polo Sr. Alcalde manifestase que aínda que sería mellor esperar a coñecer o texto da Lei, xa que neste intre no existe tan sequera un anteproxecto, o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción transcrita, porque no fondo está de acordo co seu contido, engadindo que non obstante o anterior, considera necesario que conste na acta da sesión as precisións que a seguir se relacionan:*

*A idea de reformar a lei de Demarcación e Planta Xudicial non xurde agora. Foi un proxecto alentado e defendido con vehemencia polo partido socialista cando gobernaba en Madrid.*

*O señor Caamaño tamén quería reformar a lei:*

- *O seu Plan para a Modernización da Xustiza 2009-2012 incluía un eixo sobre demarcación. Contemplaba a modificación do ámbito territorial dos partidos xudiciais a través da concentración dos recursos persoais e materiais para o seu mellor aproveitamento.*
- *Ademais, en 2009 nomeou a un grupo de expertos para formular recomendacións. O seu pronunciamento foi taxativo, ao sinalar abertamente a necesidade de superar o partido xudicial como base do modelo. A Comisión falaba de evitar una dispersión excesiva de medios personales y materiales que quebrantarían los principios de racionalidad, economía y aprovechamiento de recursos públicos por los que se rige toda organización eficaz. E instaba a estudiar fórmulas que superen la división actual en partidos judiciales del siglo XIX, implantando estructuras más amplias y funcionales, acordes con la sociedad de hoy.*

*Estas conclusións foron avaladas persoalmente polo anterior Ministro de Xustiza, nun acto celebrado en 2010. El partido judicial es una realidad peculiar o exclusiva inadaptada a la realidad. Un modelo organizativo caduco. El incrementalismo –dicía en referencia á creación de novos xulgados-*

*no resolve los problemas. Es necesario abordar cambios de fondo. Hay que diseñar una nueva estructura territorial, reorganizar la planta.*

*A posición do anterior Ministro era categórica e inequívoca no senso de simplificar partidos xudiciais. Igual, agora o PSdeG non comparte os criterios do seu actual secretario xeral da A Coruña.*

*Se falamos das actuacións deste goberno, no Boletín Oficial do Estado de 13 de marzo de 2012, o Ministerio de Xustiza publicou a composición de dúas comisións institucionais, para a elaboración de diversas propostas de textos articulados:*

- *Por unha banda, a proposta de texto de Lei Orgánica do Poder Xudicial e da Lei de Axuízamento Criminal,*
- *E pola outra banda, dun texto articulado da nova Lei de Demarcación e Planta Xudicial.*

*Polo de agora só existe unha proposta de texto articulado de Lei Orgánica do Poder Xudicial feita por unha comisión de expertos, que servirá para con outras suxestións (Consello Xeral do Poder Xudicial, CC.AA, Colexios profesionais...) para elaborar un anteproxecto de lei. É dicir, o Goberno non aprobou nin tan sequera un anteproxecto de lei de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial.*

*No que atinxe á demarcación da planta xudicial, non existe nin sequera unha proposta de texto articulado da Lei de Demarcación e Planta. Iso sí, pódese deducir da proposta antes dita da comisión de expertos encargada da elaboración do texto articulado da Lei Orgánica do Poder Xudicial, que a organización xudicial na súa base só contaría con “tribunais de instancia provinciais”. Pero tamén é certo que a día de hoxe non existe ningunha proposta de demarcación e planta presentada, sobre a que pedir a súa retirada.*

*Así mesmo, o Ministro asegurou que (tras unha reunión co Presidente da FEMP, ou na Comisión de Xustiza do Congreso), en ningún caso desaparecerán ou pecharán os xulgados existentes nos distintos municipios, porque non quedará ningunha infraestrutura sen utilizar e aproveitaranse todas as existentes.*

*En conclusión, aínda que non se coñece a proposta de texto articulado da Lei de Demarcación e Planta, e o Goberno non presentou nin siquiera un anteproxecto de Lei, dende este Grupo Municipal facemos unha aposta por unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns e pola defensa dos órganos xudiciais existentes nos partidos xudiciais da mariña co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, adaptado ás características do territorio galego e que, ante todo, garanta o dereito fundamental á tutela xudicial efectiva.*

*Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.*

#### **4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS, INTERESANDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE XOVE COMO “ LOCALIDADE SOLIDARIA CÓ ALZEHIMER”. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

*Coa autorización da presidencia, D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Abad López explícase e dáse lectura á proposta do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:*

*“Dona Ana María Abad López, Concelleira-Delegada de Sanidade, Servizos Sociais, Xuventude, Muller e Igualdade do Concello de Xove*

*SOLICITA que á Corporación deste Pleno Municipal adopte acordo sobre a declaración do Concello de Xove como “Localidade Solidaria co Alzheimer”, apoiando así a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer, integrada pola Confederación Española de Familiares de Persoas con Alzheimer e outras Demencias.*

*Dende o Goberno Local somos conscientes de que o Alzheimer é un problema de carácter socio-sanitario, cuio principal abordaxe establécese no ámbito familiar, non existindo na actualidade un tratamento efectivo que permita mermar os efectos da enfermidade.*

*O concello de Xove conta con 3487 habitantes, dos cales 785 son maiores de 65 anos e estímase que aproximadamente un 10 % deles padece algún tipo de demencia.*

*Polo que queremos sumarnos á iniciativa de Localidades solidarias co Alzheimer, conscientes de que para combatir a enfermidade é necesario un esforzo compartido entre coidadores, gobernos e sociedades científicas, como se recolle na declaración que acompaña esta solicitude.”*

Aberto o debate, polo Sr. López Hermida manifestase que resulta obvio sinalar que o BNG vai votar a favor da aprobación da proposta transcrita, pero tamén considera necesario manifestar que a solución real dos problemas necesita algo máis que xestos e declaracións, votando en falta un plan de actuación co seu correspondente financiamento.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta do epigrafe anteriormente transcrita.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito das preguntas presentadas por escrito polo Grupo Municipal do BNG é as contestacións efectuadas igualmente por escrito polo Sr. Alcalde, que a seguir se transcriben:

**PRIMEIRA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, Expón:*

*Como de todos e todas é coñecido polos medios de prensa, a empresa multinacional de capital galego, Pescanova , está atravesando o que parece que é unha profunda crise. Dado que esta empresa téñ no noso concello unha das súas plantas de cría de rodaballo na que traballa moita xente do municipio, que ademais é una das empresas que máis se leva beneficiado das axudas do Plan de Emprego Local baixo a denominación Insuñña S.L. e, por último, de que as opinións e valoracións que sobre Pescanova e o seu futuro se están facendo son moitas veces confusas e contraditorias, desde o noso grupo municipal quixeramos saber:*

- *1º. Se o actual goberno se téñ posto en contacto cos administradores da empresa a nivel local ou galego e cal foi o resultado.*
- *2º. Se o actual goberno mantivo ou pensa manter algún contacto a nivel autonómico coa Consellería de Industria co fin de coñecer de fontes fidedignas cal pode ser o futuro de Pescanova e, en especial, dos seus intereses no noso concello.*

Contestación á primeira pregunta: *Todo os responsables da empresa cos que esta Alcaldía tivo conversas lle manifestaron que a planta de Xove é rentable economicamente e non ten ningún problema; de feito segue a funcionar con toda normalidade.*

Outra cousa distinta é a situación económico financeira do Grupo Pescanova que esta en situación concursal e que nestas datas precisamente esta negociando o seu Plan de viabilidade. O apoio da Xunta á empresa, dada a súa importancia para o tecido industrial de Galicia, é clara e activa como o demostra o feito do crédito de 4.000.000'00 € recentemente concedido.

**SEGUNDA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:*

*O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, como o de Xove.*

*A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, e un reforzo da Deputación Provincial, que é o ente máis prescindible do entramado institucional actual.*

**PREGUNTA:** *A posición oficiosa dalgúns membros do goberno municipal é coñecida, pero cal é a posición oficial do executivo local respecto a esta proposta lexislativa do PP?*

**Contestación á Segunda Pregunta:** O Goberno Municipal opinará unha vez sexa coñecido o texto definitivo da Lei unha vez vistas e resoltas as consultas e alegacións efectuadas por diversas organizacións, institucións ou colectivos como a FEGAMP, FEMP, Consejo Nacional de Administración Local, Colexios Profesionais, Sindicatos, Partidos Políticos, etc...

**TERCEIRA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:*

*A rúa do Apeadeiro volve estar levantada por cuarta vez. Pensa o goberno municipal facerse respectar dunha vez e esixir o seu arranxo definitivo dalgún outro xeito?*

**Contestación á Terceira Pregunta.-** A empresa esta a facer as reparacións puntuais necesarias sen prexuízo de que os servizos técnicos municipais están a elaborar un estudo específico sobre o estado do vial e sobre o uso do mesmo.

De todos os xeitos compre sinalar que os primeiros desperfectos apareceron unha vez cumprido sobradamente o ano de garantía polo que a actitude da empresa é totalmente positiva.

**CUARTA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:*

*Unha das tres prazas de atención primaria a través das que se presta o servizo médico no Centro de Saúde de Xove vai quedar deserta en breve prazo debido a unha xubilación. Se a Administración Autonómica non destinara de xeito inmediato outro/a profesional a esta vacante, isto implicaría que os outros dous médicos terían que cubrir todo o seu cupo tras o reparto dos doentes. Por esta razón, e coa intención de evitar as consecuencias negativas que se derivarían desta situación nun servizo de primeira necesidade como o sanitario, PREGUNTAMOS:*

*Está realizando o goberno municipal algunha xestión a este respecto?*

**Contestación á Cuarta Pregunta.-** Pola reunión mantida co personal sanitario do Centro de Saúde de Xove temos coñecemento de que no mes de agosto se producirá a xubilación por razóns de idade dun dos médicos de atención primaria.

Das conversas posteriores mantidas con responsables do SERGAS non existe motivo ningún para sospeitar que dita vacante no sexa cuberta.

Non obstante esta Alcaldía oporase a calquera redución de persoal e estará pendente de que en calquera caso se garanta a calidade da asistencia sanitaria do Centro de Saúde de Xove.

**QUINTA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, PREGUNTA:*

*Cantos socorristas se contratarán este ano para velar pola seguridade dos bañistas nas nosas praias?*

*De que material serán dotados os postos de socorro?*

*Durante cantos meses e con que horario desenvolverán a súa tarefa os socorristas nas praias do municipio este verán?*

**Contestación a Quinta Pregunta** A previsión e mante-lo mesmo número de socorristas e o mesmo horario de servizo que a tempada pasada é dicir 6 socorristas tódolos días dos meses de xullo de agosto desde as 12 ás 20 horas.



Os materiais e medios con que estaran dotados os postos de socorro son, por obriga legal, os previstos no Plan Sapruga ( Botiquín primeiros auxilios, floyos, teléfono móbil para emerxencias, canoa, tabla espinal, etc...). Na praia de Esteiro por se-la máis utilizada e tamén a máis perigosa estos medios amplíense coa existencia de desfibrilador.

**SEXTA PREGUNTA:** *Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:*

*Nos últimos meses estanse a levar a cabo polo Concello determinadas obras e acondicionamentos en muros lindeiros con predios particulares e estradas (concretamente na entrada á igrexa de Vilachá, na estrada de Vilachá a Punta Roncadoira, na estrada de Vilalpol a Sumoas e na estrada de Portocelo) e diversas actuacións nas praias de Muíñelo (concreación dunha escaleira de madeira, escolleira, achega de grandes pedras e aplicación de material con cemento, así como canalización do rego que desemboa na praia) e mais na de Portocelo (esta última parada polo Seprona cando un camión se dispoñía a descargar dende a estrada un volquete de pedras de grandes dimensións). Por todo isto, desde o noso grupo municipal quixeramos saber:*

*1º. Cando foron contratadas cada unha das actuacións anteriores e a data dos proxectos de obra. Quen foi o adxudicatario, cal é a data do contrato e que administracións son as que as financian. A que cuantía ascenderon cada unha destas obras, de que data son as autorizacións necesarias para levalas a cabo e por que organismos foron expedidas.*

*2º. Na obra concreta que foi parada polo Seprona na praia de Portocelo o pasado día 18/04/2013 arredor das 18:00 horas: con que orzamento conta e de que data é a licenza de obra expedida polo Concello?*

**Contestación a Sexta Pregunta** Antes de responder as preguntas formuladas é necesario facela seguinte precisión:

As obras que se están a executar polo Concello non teñen por obxecto como maliciosamente insinúa o BNG; o acondicionamento de muros lindeiros con predios particulares senón que, como xa se explicou ante este pleno durante a tramitación da aprobación do presuposto e a tramitación das posteriores modificacións de crédito apoiadas polo propio BNG, se trata de obras de mellora mediante o anheamento dos viais de acceso a Igrexa de Vilachá, a uns núcleos importantes de vivendas en Vilachá e en Villalpol e a mellora dun punto negro en Portocelo obra que por certo foi solicitada reiterada e inultamente desde hai máis de 2 anos á Deputación á vista dos accidentes e problemas de circulación que de seguido se producían.

Os veciños dos predios lindeiros cederon gratuitamente ó Concello os terrenos necesarios para a execución das obras.

Como quera que tódalas obras executadas atopáñse en Solo de Núcleo Rural conforme ó vixente PXOM, no foi necesario solicitar autorizacións excepto no vial de Portocelo para o cal se solicitou e obtivo a autorización de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por atoparse unha parte da obra dentro da Rede Natura.

A obras executadas na praia Muíñelo foron executadas polo Servicio de Costas del Estado dentro del dominio publico Marítimo Terrestre é dicir en zona da súa exclusiva competencia consistindo na reposición dunha escaleira de madeira para facilita-lo acceso á praia no verán de 2012 e a recente construción duna pequena escollera de protección do vial e evita-los desprendementos habituais no mesmo.

O tubo o que fai referencia na súa pregunta o BNG leva instalando anos, desde a apertura do vial, precisamente para evitar escorrentías sobre o mesmo.

A obra que aínda non se empezou pero que esta previsto executar tamén polo Servicio de Costas do Estado na praia de Portocelo tamén ten como obxectivo garanti-la seguridade do vial evitando desprendementos como os que xa se produxeron anteriormente nunha zona donde xa existe un tubo

de formigón taxea. Está é a obra que antes de ser iniciada foi denunciada ante o SEPRONA por un veciño da zona.

No que se refire ós datos concretos sobre ó financiamento e contratación das obras municipais, non obviamente das financiadas e contratadas directamente polo Servizo Provincial de Costas do Estado, remitome ó Informe emitido ó efecto pola Interventora Municipal obrante no expediente e que a seguir se da lectura:

En relación co escrito presentado con data 6 de xuño de 2013 (R.E. núm. 1690), no que interesa información en relación a determinadas obras executadas no Concello, emito o seguinte INFORME:

1.- Proxecto número 19/12 denominado “Acondicionamento do acceso á Igrexa de Vilachá”. Partida 453.619 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2012

Trátase de un proxecto de obra non previsto inicialmente no Orzamento Municipal de 2012 senon que se creou mediante expediente número 8/2012 de modificación de créditos-crédito extraordinario, por acordo plenario de 16 de xullo de 2012 . O crédito dotado ascendía a 57.800,00 euros. O financiamento foi íntegramente con fondos propios. O proxecto engloba, por un lado, a reconstrución do muro existente na marxe esquerda da Igrexa de Vilachá, obra adxudicada mediante contrato menor á mercantil Soluciones Técnicas y Construcciones Península, con C.I.F. B27437409, por importe de 34.073,00 euros. Posteriormente, e unha vez obtida a disponibilidad de terrenos para proceder ao ancheamento levouse a cabo a obra de construción dun muro á marxe dereita, obra adxucada mediante contrato menor á mercantil Soluciones Técnicas y Construcciones Península, con C.I.F. B27437409, por importe de 26.580,40 euros.

2.- Proxecto número 4/12 denominado “Construción de escollera e ancheamento de vial en Vilachá”. Partida 453.619 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2012.

Trátase de un proxecto de obra inicialmente previsto no Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal de 2012 con un crédito de 59.000,00 euros, obra que prevía incluírse no PPOS 2012, con financiamento parcial do MAP, por importe de 23.600,00 euros; Diputación Provincial, por importe de 11.800,00 euros e Fondos Propios Municipais, por importe de 23.600,00 euros.

Mediante expediente de modificación de créditos número 8/2012 aprobado en acordo plenario de 16 de xullo, e ante a falta de aprobación do correspondente PPOS, e conseguinte declaración de non disponibilidad de créditos pola parte financiada polo MAP e a Diputación Provincial, procedeuse ao suplemento de crédito na correspondente partida, por importe de 36.900,00 euros, co que o crédito dotado ascendeu finalmente a 60.500,00 euros. O gasto realizado acadou a contía de 57.570,50 euros co seguinte desglose:

- Arturo Vigo Casabella, con N.I.F. 775955176F, en concepto de traballos de desmonte e colocación de escollera, por importe de 19.588,00 euros.
- Tomás Soto López, con N.I.F. 33304140W, en concepto de transporte de materiais, 4.602,00 euros
- Aridos H. Carballido, S.L., con C.I.F. B27144674, en concepto de granito, por importe de 14.801,30 euros
- Soluciones Técnicas y Construcciones Península, S.L., con C.I.F. B27437409, en cnepto de traballos de albanería e ampliación de muro de pedra, por importe de 18.579,20 euros.

3.- Proxecto número 5/13 denominado “Acondicionamento, melloras e ancheamento de viais”. Partida 453.609 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2013.

Trátase de un proxecto de obra inicialmente previsto no Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal de 2013 con un crédito global de 123.200,00 euros. A obra concreta a que fai referencia o escrito denomínase “Ampliación de vial e reposición de muros en Vilalpol”, obra financiada íntegramente con fondos municipais. Con data de 10 de decembro de 2012 elaborouse polo

Arquitecto Técnico Municipal a correspondente Memoria Valorada da que se extrae un orzamento de execución material por contrata de 60.388,96 euros.

De acordo coa Base 25ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2013 e mediante Resolución de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2013, procedeuse a aprobación do expediente de contratación menor mediante solicitude de ofertas, resultando adxudicatario a mercantil Construxove, S.L., con C.I.F. B27229988, por un importe de 58.210,96 euros, asinándose contrato o día 4 de febreiro de 2013.

4.- Proxecto número 5/13 denominado “Acondicionamento, melloras e ancheamento de viais”. Partida 453.609 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2013.

Trátase de un proxecto de obra inicialmente previsto no Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal de 2013 con un crédito global de 123.200,00 euros. A obra concreta a que fai referencia o escrito denomínase “Mellora da seguridade vial e recuperación ambiental na carretera Diputación-Portocelo”, obra financiada íntegramente con fondos municipais. Con data de abril de 2013 elaborouse polo Arquitecto Técnico Municipal a correspondente Memoria Valorada da que se extrae un orzamento de execución material por contrata de 24.748,80 euros.

De acordo coa Base 25ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2013 e mediante Resolución de Alcaldía de data 6 de maio de 2013, procedeuse a aprobación do expediente de contratación menor mediante solicitude de ofertas, resultando adxudicatario a mercantil Soluciones Técnicas y Construcciones Península, S.L., con C.I.F. B27437409, por un importe de 19.940,80 euros, asinándose contrato o día 28 de maio de 2013.

A seguir, polo Sr. López López formúlase oralmente a pregunta que a seguir se transcribe:

- Hai constancia no Concello dalgunha denuncia presentada polo BNG ou por algún particular en relación coas obras efectuadas no Concello.

Polo Sr. Alcalde contestase que do BNG non consta ningunha, pero sí ten constancia das formuladas ao SEPRONA por un veciño de Portocelo respecto das obras que está a executar, ou millor dito que iba a executar o Servizo Provincial de Costas do Estado en Portocelo.

A seguir, polo Sr. López López formúlase o rogo que a seguir se transcribe:

- Para evitar malos entendidos, prégase ó Sr. Alcalde que no futuro se absteña de sacar fora do Concello as preguntas que formule o BNG antes de ser respostadas na correspondente sesión plenaria.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

**O SECRETARIO,**

Asdo: Luís María Fernández del Olmo